

**SEGUNDA ACTA DE ESTUDIO DE DOCUMENTACIÓN APORTADA POLO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE AMES. PAI 2016**

Na Casa do Concello de Ames sendo as trece horas e trinta minutos do día 29 de decembro de dous mil dezaseis, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE AMES.**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

**Vogais:**

- Concepción Vilas Cantelar secretaria accidental da Corporación.
- Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

**Secretaria:** Isabel Quintáns Ríos, auxiliar administrativa do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto da presente reunión proceder ao exame da documentación aportada pola empresa clasificada en primeiro lugar no procedemento arriba indicado, ao obxecto de comprobar que a mesma cumpre cos requisitos necesarios para propoñer ao órgano de contratación a adxudicación da devandita obra.

Con data 17 de novembro de 2016 a Xunta de Goberno Local aprobou a clasificación de ofertas e requirir a presentación do correspondente aval e demais documentación, como paso previo e necesario, para adxudicar a devandita obra.

Dito acordo foille notificado a todos os licitadores, que tomaron parte no procedemento aberto de contratación.

Con data 2 de decembro de 2016 a empresa clasificada en primeiro lugar, COPCISA SA), presentou no rexistro xeral do Concello (rexistro de entrada nº. 12105) a documentación requirida para proceder á adxudicación definitiva.

A mesa de contratación analizada a documentación presentada polo clasificado en primeiro lugar, considera que cumpre cos requisitos (pago de anuncios, solvencia económica e técnica, clasificación, estar ó día nas súas obrigas tributarias e Seguridade Social etc.) necesarios para que lle sexa adxudicada a devandita obra.

Sen embargo, a mesa de contratación á hora de analizar o depósito da garantía definitiva, correspondente ó 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE, dúbida sobre a orixinalidade do certificado de seguro de caución nº. 201606017 presentado como garantía definitiva.

Á vista da documentación presentada a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

**ACORDOU:**

**Primeiro.-** Requirirle á empresa COPCISA SA a presentación do certificado orixinal de seguro de caución nº. 201606017 para poder seguir co proceso de adxudicación da obra de reparación e acondicionamento do cemiterio municipal de Ames.

**Segundo.-** Que a mesa de contratación se reunirá novamente, unha vez presentada pola empresa a documentación requirida.

Á vista do acordo adoptado pola mesa de contratación na reunión celebrada o día 13 de decembro de 2016, remítese requirimento á empresa COPCISA SA para que subsane nun prazo de 5 días naturais o acordado, por unanimidade dos



membros da mesa de contratación. Con data 22 de decembro de 2016 e rexistro de entrada 12849, a empresa COPCISA SA presenta no rexistro xeral do Concello a documentación requirida, concretamente aporta dúas declaracións xuradas, da propia empresa e da empresa avalista, Millenium Insurance Company LTD, nas que se acredita a orixinalidade do seguro de caución, presentado como garantía definitiva, para proceder á adxudicación da obra de reparación e acondicionamento do cemiterio municipal de Ames.

A mesa de contratación analizada a documentación presentada polo clasificado en primeiro lugar, considera que cumpre cos requisitos necesarios para que lle sexa adxudicada a devandita obra.

Á vista da documentación presentada a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Trasladar ó órgano de contratación a proposta de adxudicación das obras de **“Reparación e acondicionamento do cemiterio municipal de Ames”** á empresa COPCISA SA, con CIF A-08190696, nas condicións establecidas no acordo de clasificación de ofertas e no resto de condicións ofertadas pola empresa licitadora.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as trece horas e corenta minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesma, certifico.

